

## Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

### Acordos adoptados na reunión ordinaria do día 1 de marzo de 2017

Apróbase/acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

- A acta da reunión extraordinaria do día 1 de marzo de 2017.
- A distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente entre o profesorado da escola.
- A proposta de curso de formación *Introdución aos sistemas aéreos non tripulados*.
- A declaración de interese do *Máster universitario en Enxeñaría de Sistemas Aéreos non tripulados (Unmanned Aircraft Systems Engineering)* para implantar no curso 2018/19.
- A declaración de interese do *Máster universitario en Ciencia e Tecnoloxía do Espazo* para implantar no curso 2019/20.
- A declaración de interese do *Máster universitario en Enxeñaría Aeronáutica* (ligado a competencias profesionais) para implantar no curso 2019/20.
- Fixar en 50 o número de prazas de novo ingreso para o primeiro curso de Enxeñaría Aeroespacial do curso académico 2017/18.
- Fixar unha praza para o acceso por recoñecemento de 30 ECTS (traslado) no curso 2017/18.
- Fixar cero prazas para o cambio de centro no curso 2017/18.
- O plan docente anual (PDA) para o curso 2017/18.
- A lista organizada por orde de prioridade de departamentos que poidan asumir o encargo das materias de formación básica para o curso 2017/18.
- A lista organizada por orde de prioridade de departamentos que poidan asumir o encargo do resto das materias de primeiro e segundo curso para o curso 2017/18 cun escrito razoado da prioridade acordada nas materias “Mecánica Clásica”, “Termodinámica” e “Mecánica de Fluídos”.
- Solicitar á Reitoría a contratación dun Enxeñeiro Aeroespacial coa maior categoría posible para o curso 2017/18.

Ourense, 1 de marzo de 2017

O secretario

Diego González Salgado

**Dilixencia para facer constar** que o presente escrito se publica oficialmente no taboleiro do centro e na páxina web da E.E.A.E, o día 2 de marzo de 2017.

O secretario

Diego González Salgado

<sup>1</sup>Toda a documentación orixinal pode consultarse na Secretaría de Dirección